



CIRCULAR INFORMATIVA 10/02/2017

Estimados pais/nais/titores/as:

Queremos informarles sobre o os seguintes temas:

- **Distribución de froita fresca** ao alumnado coa axuda do FOGGA. O alumnado, a semana próxima, non precisa traer merenda. Coa intención de fomentar unha alimentación saudable, repartiremos froita. O primeiro período será do día 13 ao 17 de febreiro de 2017.

Pregamos informen aos titores/as se algún alumno/a manifesta alerxia ás froitas que repartiremos:

- o Luns mazá golden.
 - o Martes mandarina clementina.
 - o Mércores pera.
 - o Xoves plátano
 - o Venres mazá vermella.
- **Entroido 2017**: do 20 ao 24 de febreiro celebraremos a semana do entroido. O Meco iranos presentando diferentes ordes para traer, voluntariamente, cada día ao cole. Este ano, centrándonos no proxecto do centro, o venres 24 de febreiro celebramos un entroido solidario con desfile, coplas, cuchipanda compartida e diferentes actividades no colexio.

Enviaremos unha invitación ás familias para participar de forma solidaria nestas actividades do día 24.

O disfraz para todo o centro é de "Choqueiros/as" (con roupa que haxa na casa amañada de xeito que resulte simpática e divertida).

- **Semana de Rosalía de Castro**:

A biblioteca escolar organizará diferentes actividades entre as que destacamos o recitado de poemas os días 2 e 3 de marzo por parte de "apaixoados da poesía" da residencia San Telmo e do alumnado.

Un saúdo

A DIRECCIÓN